

Concello de Viveiro

EXPTE.- 8720/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 03 de novembro de 2021 na que se nomea o Tribunal do proceso selectivo de lista de emprego de monitor/a deportivo/a – socorrista.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 05 de novembro de 2021 na que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo.

Vista a base xeral 8.2, que sinala “(...) **Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a) e b) das bases).**- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique...”

Vista a alegación presentada por D. Daniel Peral López en data 05 de novembro de 2021 na que solicita ser admitido a dito proceso selectivo.

Vista a solicitude presentada por D. Daniel Peral López en data 20 de outubro de 2021, na que presenta a documentación para o proceso selectivo e solicitando ser admitido.

Tendo en conta a proposta do Tribunal do proceso selectivo relativa á alegación presentada por D. Daniel Peral López, que consta no expediente, na que se propón considerar excluído a D. Daniel Peral López por presentar a solicitude de participación no proceso selectivo fora de prazo e ditar unha nova lista de admitidos e excluídos.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Admitir a proposta presentada polo Tribunal do proceso selectivo da lista de emprego de monitor/a deportivo/a – socorrista, en canto a alegación presentada por D. Daniel Peral López.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte nova **LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS** ao proceso selectivo:

A) ADMITIDOS:



Concello de Viveiro

	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ARIAS CORUJO TIFFANY	Prazo de 5 días hábiles para subsanación segundo punto 5 d) bases xerais.
2	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	EXENTO
3	LÓPEZ GARCÍA MARTÍN	EXENTO
4	TIMIRAO GONZÁLEZ LARA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN	Realización proba de galego
PERNAS PARAPAR CARLOS MANUEL	Non acreditar o requisito sinalado na Base Xeral 5.b): “(...) Copia da Titulación académica esixida nas presentes Bases do posto que se convoca, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación. Asimesmo, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de estar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia... ”	EXENTO
PERAL LÓPEZ DANIEL	Non acreditar o requisito sinalado na Base Xeral 4.2): “(...) Prazo de presentación. O prazo de presentación das solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP)...”	NON EXENTO

O prazo de presentación de alegacións á lista provisional será de 5 días hábiles a contar dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios dixital e na web do Concello.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

SEGUNDO.- Vista a proposta do Tribunal en relación á subsanación da documentación presentada por varios aspirantes, no que se refire aos méritos a valorar, aportando copia simple, en virtude do disposto no punto 5 das Bases, e tendo en conta que se require a



Concello de Viveiro

aportación de copia cotexada ou copia auténtica, resultando posible a súa subsanación, requírese aos seguintes aspirantes para que subsanen os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de cinco días hábiles.

Apelidos e nome	Subsanación
Arias corujo Tiffany	Prazo de 5 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica) que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

